

HAYDEÉ

Levas nas ás de anxo a inocencia,
os cantos de berce, os contos de fadas,
os xogos da nenez, as historias fantásticas,
os romances que a nai recitaba.

Levas nos ollos un tempo claro-escuro,
nas mans o perdón, no corazón o amor,
na pel a ferida que a vida che abriu.

A túa voz é sempre unha cantiga,
calmas a dor co arrollo do silencio,
non hai rancor agochado no teu peito,
nin argolas que encadeen as palabras.

Pon a túa man tenra nestes versos,
para que a ira non penetre nas palabras
e se disolvan nun pozo de tristeza.

Aprenderemos do laio,
deixando pasar os días, tornando pensamentos
ensartando agarimos no fío da existencia
e amándonos indefinidamente.